

VIDEOTECA

CINEMA ETNOGRÁFICO HISTÓRICO

O carro e o Home/ El Hombre y el Carro (Dirección: Antonio Román. Rodada en 1940. Sonorizada en 1945. 12'. V.O Castelán/ Galego)

En 1940 o cineasta ourensán Antonio Román realizaba o filme *El hombre y el carro* con guión e produción de Xaquín Lorenzo e montaxe de Carlos Serrano de Osma. A película é un relato lineal da vida do carro acompañado este á vida das persoas que usan del guiándonos por diferentes angueiras nas que se ocupan as xentes da aldea.

Un copión do filme aparecido no Museo Arqueolóxico de Ourense e conservado logo no Museo do Pobo Galego serviu para que en 1980 e coa colaboración desta entidade que ten os dereitos das obra intelectual de Xaquín Lorenzo, Eloi Lozano montara unha nova versión do documental cunha locución do propio Xocas. Esta segunda versión é *O carro e o home*.

CRENZAS E COSTUMES

A palabra no tempo. (Cinco capítulos de 30'. V.O Galego) A ponte da morriña; O país da auga; A reverencia ao sol; A ollada asolagada; Lugar de Teixido. Esta serie quere contribuír á recuperación da literatura de transmisión oral.

A Romería da Morte. (Dirección: Alberto Estevez Piña . 29').Unha das romarías da morte que se fan en Galicia ten lugar en Santa Marta de Ribarteme. A coexistencia do atavismo da romaría co aceptable desenvolvemento económico, constitúe un paradoxo que se fai máis fondo ao ter en conta a fronteira portuguesa.

O Entroido: Vilariño de Conso; Entroido de Laza. (17' V.O Galego). Narración audiovisual sobre os entroidos de Vilariño de Conso e Laza.

Os penedos de Pasarela e Traba. A arte dos dedos do tempo (Dirección: Xosé M^a Lema/ Roberto Mouzo. 2009. 23') Hai quen di que son só pedras. Son moito máis que pedras. Os penedos de Pasarela son monumentos naturais, é arte feita laboriosamente durante miles e miles de anos polos dedos do tempo”

Romarías. (Museo do Pobo Galego. Tres capítulos de 30') Sta Mariña das Augas Santas; Sta. Marta de Ribarteme; Nosa Sra. Da Lanzada.

Tempo de xogar (Dirección: Xosé López. 17' V.O Galego) Documental sobre os diferentes xogos e enredos.

Traballo en feminino. (Dirección: Paco Vila Barros. 2005. 23' V.O Galego). Un percorrido pola sociedade galega de finais do século XIX e do XX a través da vida das mulleres dun Concello do Sur de Pontevedra (Mos).

Unha viaxe á tradición. (Museo do Pobo Galego. 22'. V.O Galego). Descrición do mundo tradicional galego, desde a arquitectura, os traballos do campo e do mar e dalgúns oficios tradicionais.

OFICIOS

Aceiteiros. (Dirección: Xesús Vecino Llamas. 1990. 15'. V.O Galego). Capítulo da serie *A Memoria que se perde* sobre a recollida da oliva, o muíño de aceite e a elaboración deste produto en Quiroga.

Argazo. (Dirección: Xurxo González. A Guarda, 2006. 26'44". V.O Galego). Unha homenaxe ás mulleres e ao espírito de supervivencia da xente do mar.

As Artes do orfebre e acibecheiro. (TVG.1987. 10' V.O Galego) Capítulo da serie *Galicia Inédita* sobre o proceso de traballo a través da elaboración dunha peza en prata e outra en acibeche.

As sellas a ollo de bo cubeiro. (TVG. 1989. 11'. V.O Galego) Capítulo da serie *Galicia Inédita* sobre o uso e elaboración das sellas.

A pesca con nasas.A pesca do cerco. (Dirección: Bugallo Lorenzo e Lino Lema Bouzas. 1993. 33'. V.O Galego) Explicación das técnicas destas dúas artes de pesca.

Canteiros. (Dirección: Pedro G. Losada. 1990. 15'. V.O Galego). Capítulo da serie *a Memoria que se perde* que fala dos traballos dos canteiros: extracción e modelaxe da pedra

Carboeiros. (Dirección: Xesús Vecino Llamas. 1990. 15' V.O Galego). Capítulo da serie *a Memoria que se perde* que fala dos Proceso de elaboración do carbón na Serra do Xurés.

Cal viva, cal morta. A derradeira festa (Dirección: Mariano Casas / Duarte Fernández. Galicia, 2008, 50' V.O Galego) En Masma (Mondoñedo, Lugo), os últimos caleiros de Galicia son resistentes dun oficio hoxe en día obsoleto. Xa de anciáns, fixeron en 2008 unha última e espectacular queima do cal, no marco dunha festa na súa honra. Entre os descendentes dos caleiros hai quen loita para que esta arte non se perda.

Cocedura tradicional de barro en Buño (2008, 18' Idiomas: Galego. Castelán. Inglés). Documento audiovisual sobre o traballo do barro en Buño.

Escola de palilleiras. (TVG. 1987. 15'. V.O Galego) O encaixe en Camariñas.

Obdulia, a cacharreira de Gundivós. (TVG. 1989. 13'. V.O Galego). Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* sobre a cerámica e o proceso de elaboración das pezas.

Ourives de Compostela, historia, tradición e vangarda (Asociación Ourives de Compostela. 2011. Versión longa 16'. Versión curta 9'. V.O Castelán) Percorrido pola historia deste oficio na cidade de Santiago de Compostela, dende as súas orixes vinculadas á peregrinación xacobeá e ao poder da igrexa e da Catedral durante a Idea Media, ata as pezas máis vangardistas elaboradas hoxe en día

O labor do cereiro. (TVG. 1987. 15'. V.O Galego). Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* sobre o aproveitamento da cera na elaboración de velas.

O Liño (Museo Casa do Patrón. 31'. V.O Galego) Proceso de transformación da planta do liño.

O ouro de Sil (TVG. 1987. 14'. V.O Galego) Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* onde nos falan da extracción de ouro no río Sil e a transformación da paisaxe producida por esta actividade.

O Rei das Zocas de Guitiriz. (TVG. 1988. 13' V.O Galego) Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* sobre a elaboración das zocas.

Os cesteiros. (TVG. 1987. 11' V.O Galego) Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* centrado no oficio dos cesteiros de Mondariz.

Os oficios da madeira. (TVG.13' V.O Galego) Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* que mostra diferentes oficios relacionados coa madeira: rodeiros, cubeiros, zoqueiros, torneiros

Os torneiros de Berres. (TVG. 1987.10'. V.O Galego). Capítulo da serie *Galicia Inédita* sobre o traballo dos torneiros, centrado na parroquia de Berres.

Redeiras. Un oficio galego de mulleres (Xosé H. Rivadulla "Corcón". 45'. 2008. V.O Galego) Este documental é unha homenaxe a todas as redeiras galegas, a través do testemuño das atadeiras de Cangas e das palangreiras de Malpica.

Teceláns. (Dirección: Xesús Vecino Llamas. 1990.15'. V.O Galego) Capítulo da serie *A Memoria que se perde* sobre o proceso da transformación da planta do liño en fío e a arte de tecer.

MÚSICA

Documentos de Etnografía. Tradiciones en Castilla y León Divido en capítulos dedicados á música popular: Tamboritero-.Tocadera de Pandero. 45'12"; Dulzainero. 17'20")

Tocar a gaita coa man pechada. (Dirección: Pablo Quintana. 26' V.O. Galego). A gaita, a súa construción e como tocala coa man pechada.

ARQUITECTURA POPULAR

Muíños de Vento. (TVG. 1987. 10' V.O. Galego) Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* que describe aos muíños de vento e o seu funcionamento.

Os derradeiros batáns. (Dirección: Xosé M^a Lema e Moncho Pérez Rei..44' V.O Galego) Reconstrución dun batán do Mosquetín e descrición do seu mecanismo e funcionamento.

Os batáns do Mosquetín: crónica dunha teima. (Dirección: Xosé M^a. Lema Suárez. 2005. 30' V.O Galego. Subtítulos: Castelán, inglés, francés, italiano). Estudo do conxunto etnográfico dos batáns de Mosquetín (Vimianzo) e a súa recuperación.

Os hórreos galegos. (17'. V.O Galego). Estudo do hórreo como elemento máis representativo da arquitectura popular galega.

Faros da Costa da Morte (Dirección: Manuel Vilar. 2010. 16' V.O Galego. Subtítulos: Castelán) Percorrido polos faros e sinais marítimos da Costa da Morte.

ALIMENTACIÓN

Así se fai o queixo de S. Simón. (Dirección: Xosé L. Arias. TVG. 1989. 12' V.O Galego) Capítulo pertencente á serie *Galicia Inédita* sobre a elaboración manual do queixo.

Ourizos. (Guión: Carlos Pérez. 20' V.O Galego) A produción de castañas e a celebración do Magosto.

A melodía do pan. (Dirección: César González. 2006. 26' V.O Galego). Imaxes e temas da nosa música tradicional van narrando o proceso do pan desde a sega nos campos ata o forno.

FONDOS MOSTRA DE CINEMA ETNOGRÁFICO

Ainielle tiene memoria (Dirección: Federico Llano. Aragón, 2007. 42' V.O Castelán) O documental é unha viaxe no tempo e á memoria dos pobos abandonados do Estado español. Ainielle aínda hoxe, ocupa un lugar no mapa. En 1970 pechou a porta da súa casa o último habitante desta aldea perdida e medieval do Perineo aragonés. Tería sido un máis dos pobos abandonados da

montaña se non fora porque Julio Llamazares situou alí a acción da súa novela 'La lluvia amarilla'

A memoria nos tempos do volfram. (Dirección: Antonio Caeiro. Galicia, 2003. 55' V.O Galego. Subtítulos: Castelán). O documental reflicte como a comezos da II Guerra Mundial, un mineral fíxose preciso para o estado alemán: o volfram. Galicia convértese entón en *dorado* para moita xente que procuraba cartos doados de acadar ou traballo naqueles anos tan duros da posguerra española.

A terceira póla. (Dirección: Rubén Pardiñas. Galicia. 2006. 25' V.O Galego). Ademais do galego e do portugués, outra variedade do tronco común do galego medieval, aínda sobrevive na illa lingüística do Val de Xálima, nunha zona situada na confluencia das provincias de Salamanca e Cáceres con Portugal.

Bolivia para todos (Dirección: Emilio Cartoy/ Cristian Jure. Arxentina, 95' V.O Castelán) Documental que aborda os conflitos desatados entre os partidarios da revolución democrática e cultural encabezada polo presidente Evo Morales e os sectores que ven no novo movemento un perigo aos seus privilexios.

Cautare (Quest) (Dirección: Ionut Piturescu. Romanía, 2010, 30'. V.O: romanés. Subtítulos: castelán, inglés). Cautare é unha película sobre dous amigos que teñen un carromato como casa e un cabalo como amigo. Viven unha vida sinxela e nin tan sequera levan reloxo, pero aínda teñen tempo, como se di en Asia. Non encaixan en ningún dos sitios que visitan e son expertos en facer cousas inútiles para a sociedade actual.

Ceibes no monte. Patrimonio vivo na terra de Turonio. (Galicia. 2009, 30' V.O Galego) O traballo forma parte da investigación levada a cabo desde o IES Terra de Turonio de Gondomar, escollida para a 5ª convocatoria do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas e que versa sobre os diferentes enfoques que se lle poden dar ao tema dos cabalos ceibes nos montes galegos e, en particular, nos montes das Terras de Turonio.

Ciclo Combinado (Dirección: Sabela Pernas Soto, Nuria Castro Prieto . Galicia, 2006, 12' V.O Galego) Análise e tratamento audiovisual da situación socioeconómica do pobo de As Pontes, antes e despois dunha revolución industrial, suscitada pola implantación dunha central térmica acompañada dunha mina de carbón a ceo aberto.

Da Regueifa ao Rap (Dirección: Helena Villares Gallardo, Pilar Pérez Faxil. Galicia, 2006, 50' V. O Galego) Documental sobre a historia e evolución da regueifa na cultura popular galega, así como o emerxente mundo do rap e o Hip hop no panorama musical galego dos últimos anos.

De Pinos y penas en tiempo del Patrimonio (Dirección: Carlos Tarazona Grasa. Huesca, 2006, 47' V.O Castelán) O documental mostra o proceso e os problemas que a reforestación tivo na cordilleira pirenaica, máis concretamente na comarca do Alto Gállego. Achéganos aos efectos que este proceso tivo tanto na sociedade local, como nas economía e na paisaxe, da man de todos e todas as protagonistas: das persoas traballadoras pero tamén da veciñanza afectada que tivo que abandonar as súas vilas.

Em compañía da morte (Dirección: Vanessa Vilaverde, João Aveledo e Eduardo Maragoto. Galicia, 2011, 29'. V.O Portugués. Subtítulos: castelán, inglés, portugués). Rodado en Castro Laboreiro (Serra da Peneda, Portugal), o filme explora a relación que se establece entre dous elementos que forman parte indisoluble do proceso vital da existencia e natureza humanas: a vida e a morte a través de historias inquietantes que se desenvolven nas aldeas da montaña, afastadas das sociedades actuais, con figuras míticas como o Acompañamento ou a Estântega (Santa Compañía).

Fronteiras (Dirección: Rubén Pardiñas . Galicia, 2007, 58' V.O Galego. Subtítulos: Castelán) A que comunidade política e cultural pertencen as rexións fronteirizas? Todo o mundo opina. Desde as polémicas rifas entre historiadores, filólogos e políticos, até as posturas máis desdramatizadoras dos propios habitantes destas zonas. Un achegamento á construción das identidades colectivas a través das comarcas estremeiras de Galicia en Asturias, León, Zamora e Portugal.

Fútbol no es fútbol. (Dirección: Gonzalo de Otaola / Daniel Suberviola. Madrid, 2004, 46' V.O Castelán). Rubén, Félix e Modesto, tres persoas da rúa, representaron a España no II Mundial de Fútbol de persoas se fogar en Gotemburgo, Suecia.

Historia dunha parroquia (Dirección: Marcos Nine. Galicia, 2006, 55' V.O Galego) A parroquia de Val Xestoso, no concello de Monfero, vista a través dos seus habitantes. Afóndase nos seus problemas, demandas, sentimentos, lembranzas e noción de identidade, con especial relevancia de Don Luís, un párroco afastado dos cánones habituais.

Hombres de Arena (Dirección: Joaquín Cortés Peteiro. Venezuela, 2010, 24'. V.O Castelán) Ollada poética e carente de diálogo da vida dos areeiros do chan venezolano, que se mergullan nas augas para extraer de forma artesanal este material utilizado principalmente na construción. *Hombres de Arena* é unha proposta documental de descubrimento que se desenvolve coa intención de que o espectador tire as súas propias conclusións sobre este estilo de vida.

La aventura Garífuna (Dirección: Patricia Ferreira, 2006, 56' V.O Castelán) Rodada en Honduras e Belice, é un percorrido poa música e historia dos garífunas da costa do Caribe. O filme recolle imaxes, encontros entre vellos cantantes de parranda e vivencias cotiás que mostran a tradición da etnia garífuna.

Los pastores del bosque flotante (Dirección: Salvador Castillejos, José Carlos Díaz. Valencia, 2007. 60' V.O Castelán) O documental trata do transporte da madeira polos ríos de España, como a dos gancheros do Alto Tajo, destacando aspectos medioambientais, etnográficos, históricos e sociais. É narrado en primeira persoa polos traballadores do río: gancheros castellanos, pineros andaluces e maderers valencianos.

Linguas cruzadas. (Dirección: María Yáñez e Mónica Ares. Galicia, 2007, 50' V.O Galego). Linguas Cruzadas, trata sobre a situación do galego entre a mocidade pero no que é a mocidade galega a que fala. Existen os estereotipos

que marcan os falantes de galego ou de castelán? Existe conflito por culpa da lingua? Que lle falta ao galego para estar normalizado? Que futuro lle espera? *Linguas cruzadas* é un documental que afonda na cuestión sociolingüística a través da xente nova, da primeira xeración da historia que tivo o galego como lingua oficial. Co convencemento de que as experiencias e opinións desta xeración son clave para entender o estado actual da lingua e os retos para o futuro, o documental recolle as opinións de máis de 35 persoas, centrándonos en 5 personaxes que representan outros tantos paradigmas de falantes na mocidade actual.

Noticias (Dirección: Bettina Perut e Iván Osnovikoff. Chile. 2009, 80') Filme observacional que se apropia do formato fragmentado de informativos televisivos para mostrar dun xeito cinematográfico a crueza desa mesma realidade e os mecanismos cos que se constrúen as verdades cotiás colectivas. Un filme críptico e cru onde o que interesa non son os titulares senón o que oscila ao seu redor.

Pacios. As fotos da Memoria (Dirección: Manuel Darriba. Galicia, 2011, 66'. V.O Galego) A experiencia do fotógrafo sarriao Antonio López Losada (Toño do Xarope) retratando a veciñanza do lugar de Pacios (O Incio) cunha cámara de placas antiga. Neste proxecto, Toño reencóntrase coas súas raíces a través da linguaxe da arte ao tempo que deixa testemuño da paisaxe humana dun lugar que parece condenado ao despoboamento.

Praia de Monte Gordo. (Dirección: Oscar Clemente e Sofía Trincão. Portugal, 2006, 30' V.O Portugués. Subtítulos: Inglés, castelán). A vida cotián na praia de Monte Gordo contada polos seus protagonistas, unha comunidade mariñeira sometida aos cambios provocados polo turismo e a pesca industrial.

Quiero vivir aquí. (Dirección: Héctor Añaños / Patricia Oriol. Huesca, 2005, 40' V.O Castelán). Premio Espiello Pirineos ao mellor documental de temática pirenaica e Espiello Boltaña ao documental máis votado polo público. *Quiero vivir aquí* mostra o conflito que se vive en Artieda pola ameaza do recrecemento do encoro de Yesa. Un minucioso traballo de gravación, selección, guión e montaxe dá como resultado unha explicación da realidade de xentes sinxelas coas que non é difícil sentirmonos identificados.

Recordando los rostros de la muerte (Dirección: Lois Patiño. Galicia, 2010, 38') A partir de gravacións familiares e doutras realizadas en viaxes por diferentes países, constrúese unha visión poética e respectuosa da perda das lembranzas e da identidade no último momento da vida.

Romis Calis (Dirección: Carla Alonso. Cataluña, 2004, 28' V.O Castelán) La chica e Marisol son dúas mulleres que non se coñecen. Do encontro prolongado de ambas xurdirá un discurso no que elas mesmas analizarán a situación da muller xitana actual.

Segadores (Dirección: Xulio Nogueira. Galicia. 2002, 55' V.O Castelán) Neste documental cóntanse as vivencias dos galegos que ían segar a Castela e á Rioxa. En paralelo ás entrevistas aos protagonistas daquela migración laboral,

vanse inserindo cortes nos que se reconstrúen escenas típicas da sega, rodadas nos seus escenarios naturais. O proxecto de investigación no que se xerou esta produción completouse cun libro e cunha exposición fotográfica.

Tempo da Recolleita (Dirección: Felix Blume. Galicia, 2008, 30' V.O Galego)
Inda son quen era onte / Inda non perdín o brillo / ... Os versos cantados polos nosos maiores establecen pontes coas novas xeracións a través da música. Un mozo francés, neto de galegos e con experiencia en documentalismo, realiza este seguimento á xuventude do noso país que se interesa pola recollida e divulgación de cancións tradicionais.

Un deserto de flores (Dirección: Manuel Iglesias Nanín. Galicia 2008, 53' V.O Galego)
Unha aperta, un *mírame aos ollos*, un *comparte comigo*, un *déixate coller da man*, un *fálame que quero escoitarte*, un *eu tamén*, un *acaríñame*, un sorriso, un desacougo, unha necesidade e *un non sei que... que queima!!* Iso é *Un Deserto de Flores*. Na zona máis dura do deserto do Sahara, na Hamada, onde o infinito non te deixa nin respirar, os campamentos de refuxiados e refuxiadas saharuís tinguen de cor o desencanto.

Vikingland (Dirección: Xurxo Chirro. Galicia. 2011, 99'. V.O Galego. Subtítulos: galego, castelán, inglés, francés.)
Provén das gravacións persoais do mariñeiro Luis Lomba "o Haia", compañeiro do pai de Xurxo Chirro, realizadas entre outubro de 1993 e marzo de 1994 en Dinamarca e Alemaña. Chirro monta este material cunha estrutura narrativa en capítulos que lle dá un novo sentido ás sorprendentes imaxes tomadas polo "Haia". O resultado desta "apropiación" de material alleo é un discurso fresco sobre a condición da mirada, o efecto da representación e as consecuencias do metarrelato. Un proxecto audiovisual distinto e singular a través do cal o público experimenta en que consiste a vida dun mariñeiro.

HISTORIA.

A derradeira lección do Mestre (Dirección: Xoán Carlos Garrido. Galicia, 2006. V.O Galego)
Cando estourou a Guerra Civil o intelectual Fermín Bouza Brey era xuíz de instrución na Estrada. O conflito entre a súa ideoloxía e as circunstancias impostas obrigouno a tentar axudar a quen podía dentro dunha reducida marxe de actuación. Os seus amigos mestres aínda estaban nunha situación máis difícil, baixo continua sospeita.

Con Valle Inclán de fondo. A pegada dos Muruais (Dirección: José Antonio Durán. Galicia, 2003, 30' V.O Castelán- Galego)
Documental que serviu como base e como catálogo a unha exposición audiovisual moi innovadora. Evoca a historia dos irmáns Muruais. Dous personaxes moi distintos entre si: Jesús e Andrés. Ata agora esquecidos, pero de enorme nivel, que non só fascinaron a Valle-Inclán. O lendario fondo de libros, revistas, gravados e fotografías que coleccionou Jesús Muruais, serve de base á potente ilustración. Mais a

recuperación non se limita ós Muruais. A historia introduce tamén na actividade desenrolada polo Grupo de Fonseca. Unha pequena vangarda xeracional de demócratas federais, integrada por personalidades de enorme envergadura. Humana, social e cultural.

Coralia e Maruxa, as irmáns Fandiño. (Dirección: Xosé Henrique Rivadulla Corcón. Galicia, 2007, 50' V.O Galego) O documental é un axuste de contas coa historia. Na entrada da alameda de Santiago de Compostela están, feitas estatua, as irmáns Coralia e Maruxa Fandiño, máis coñecidas como "as Mariás". Porén a realidade destas dúas mulleres non é de todo coñecida: moitos pensan que eran unhas simples tolas, fóra da realidade. E trala súa existencia onírica había un drama real e auténtico que tiña que ver coa realidade que xerou, primeiro a guerra civil e a continuación a posguerra.

Coroación Poética de Ramón Cabanillas (Consello da Cultura Galega. Galicia 1958, 39' V.O Galego) Homenaxe en vida ao poeta cambadés Ramón Cabanillas.

Do Centralismo Revolucionario á Descentralización Autonómica: Pontevedra e o Estatuto de Galicia (Dirección: José Antonio Durán. 2001. 55' V.O Galego) A loita pola Autonomía de Galicia e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1936 desde a perspectiva da provincia de Pontevedra.

Hans Hutter: un suízo na guerra civil (Dirección: Luís M. Calvo Salgado, Christian Koller. 2007, 50' V.O Alemán. Subtítulos: Galego) En setembro de 1936 Hans Hutter viaxou a España para apoiar á República. El era un mecánico de coches que non pertencía a ningún partido mais sí tiña un forte compromiso político. Durante dous anos loitou do lado republicano, aínda que ó comezo só pretendía axudar reparando coches ou camións. O seu irmán acudiu tamén a España e morreu loitando na fronte de Madrid. No documental Hans Hutter fala da súa motivación, das súas vivencias e da súa vida despois da súa volta a Suíza. Ademais mostra e comenta as fotografías que tomou durante a guerra. Ao volver a Suíza foi encarcerado por ter loitado nun país estranxeiro, tal e como conta tamén a súa muller. Xunto ás lembranzas persoais, o documental trata da política da memoria histórica en Suíza en relación coa Guerra Civil española e recolle fragmentos de películas propagandísticas da época a favor da República.

Memoria dunha Terra: Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" (Marcos Estevo Ortiz. 2004. 25' V.O Galego) Narra a vida de Xaquín Lorenzo Fernández co gallo da homenaxe que lle rendeu o Día das Letras Galegas no 2004. Foi un gran investigador e o seu labor etnográfico recopilativo ten un altísimo valor para a cultura Galega.

NATUREZA

Sobrarbe, un espacio acogedor en el Pirineo (Dirección: Eugenio Monesma. Aragón, 2003, 37'. Idiomas: castelán, francés, inglés) Percorrido pola historia, arte, natureza, costumes, e gastronomía, entre outros, da comarca de

Sobrarbe, flanqueada polo Monte Perdido e atravesada polo río Cinca, destacando principalmente a súa riqueza natural.

Galicia Biodiversidade (Xunta de Galicia. 13' V.O Galego) Flora e fauna galega.

SOCIAL

A Minha Aldeia já não Mora Aqui (Dirección: Catarina Mourão. Portugal, 2006. 60' V.O Portugués. Subtítulos: Inglés) Os habitantes da *Aldeia da Luz* mudáranse por causa do Encoro do Alqueva e para deixar pasar o progreso. Mais a vida nunca máis foi a mesma, e as mágoas continúan.

Modelo Burela (Dirección: Matías Nicieza . Galicia, 2009, 66' V.O Galego) O modelo aditivo de política lingüística municipal foi aprobado e aplicado por unanimidade de todas as forzas políticas no Concello de Burela desde o mes de abril de 2008. Documental editado en DVD. Unha presentación do I.E.S. Perdouro e do Concello de Burela.

Unha lousa sobre o Courel (Dirección: Enrique Banet. Galicia. 2008. 60') A canteira da Campa (O Folgoso, O Courel) foi legalizada pola Xunta en 2007, a pesar de haber orde de peche contra ela desde 2002. Este documental defende que o Courel se convirta nun parque natural e critica que se supedite o porvir dos veciños ao establecemento da industria louseira. Nas imaxes falan veciños da serra, os alcades do Courel e de Somiedo (Asturias) e persoas vinculadas ao ámbito universitario.

Hai que botalos (Galicia. 2005. 128'. V.O Galego) Produción documental consistente en vinte catro curtametraxes realizadas por diferentes directores e directoras, que no seu conxunto ofrecen unha visión crítica de aspectos políticos, sociais e naturais de Galicia coincidindo coas eleccións autonómicas celebradas no mes de xuño de 2005.

Aldeia da luz (Dirección: Ramón Rodríguez. Estremadura. 2002. 35'. V.O Portugués. Subtítulos: Castelán) En 1995 comezou a construírse o encoro de Alqueva na rexión portuguesa do Alentejo. O día 8 de febreiro de 2002, pecháronse as comportas, iniciando o nacemento do maior lago artificial de Europa. De todas as actuacións emprendidas, a que causou o impacto social máis importante foi o asolagamento da Aldeia da Luz, unha pequena vila de 300 habitantes. A solución encontrada para minimizar o impacto na poboación foi construír unha nova aldea a poucos quilómetros. O documental narra a historia deste proceso, a través da mirada duns habitantes, que se viron despois da súa memoria